

UNIDADE 5. A sexualidade: respecto e consentimento

RÚBRICA DE AUTOAVALIACIÓN PARA O ALUMNADO

	0	2	5	8	10
Manexo dos conceptos da unidade	Non manexo concepto algún.	Non sei distinguir métodos anticonceptivos. Non comprendo o modelo de sexualidade dominante no patriarcado. Confundo conceptos como <i>identidade de xénero</i> , <i>identidade sexual</i> , <i>orientación sexual</i> e as súas diversas manifestacións. Non sabería definilos, aplicalos a exemplos reais ou relacionalos coas condutas que producen.	Teño dificultades para distinguir métodos anticonceptivos, comprender o modelo de sexualidade dominante no patriarcado e conceptos como <i>identidade de xénero</i> , <i>identidade sexual</i> , <i>orientación sexual</i> e as súas diversas manifestacións. Cústame definilos e aplicalos a exemplos reais. Cústame relacionalos coas condutas que producen.	Distingo métodos anticonceptivos e comprendo o modelo de sexualidade dominante no patriarcado. Adquirín os conceptos básicos, son quen a integralos nun discurso coherente. Porén, teño algunhas dificultades para relacionalos coas condutas que producen e aplicalos a exemplos reais.	Distingo métodos anticonceptivos e comprendo o modelo de sexualidade dominante no patriarcado. Adquirín os conceptos básicos, intégroos nun discurso coherente e nas miñas actitudes cotiás. Son capaz a aplicalos a exemplos reais. Podo relacionalos coas condutas que producen.
Interiorización dos conceptos	As miñas actitudes seguen a manifestamente contrarias á diversidade sexual. Non podo asumir o respecto, a tolerancia e o consentimento explícito como presuposto básico das relacións humanas.	A miña escasa reflexión sobre a unidade fixo que non desenvólvese actitudes de aceptación da diversidade sexual. Non considero que o modelo de sexualidade dominante no patriarcado sexa problemático.	Esforceime por mudar as miñas actitudes, mais aínda así teño dificultades para desenvolver actitudes de tolerancia respecto da diversidade sexual. Teño dificultades para apreciar os problemas que xera o modelo de sexualidade dominante no patriarcado.	Comprendín e empaticei coa diversidade sexual. Asumo o respecto, a tolerancia e o consentimento explícito como presuposto básico das relacións humanas. Aínda así, de vez en cando reviven en min actitudes conflitivas e negativas.	Comprendín e empaticei plenamente coa diversidade sexual. Asumo o respecto, a tolerancia e o consentimento explícito como presuposto básico das relacións humanas. Aprecio con claridade os problemas que xera o modelo de sexualidade dominante no patriarcado.
Participación na aula	Non participo nos diálogos nin en ningunha outra actividade de aula.	Non encontrei o momento para intervir nos diálogos. Carecía de argumentos válidos. Tampouco teño preguntas sobre os contidos.	Aínda que me custa atopar argumentos, esforceime por intervir nos diálogos. Teño preguntas sobre os contidos e son capaz de trasladalas.	As miñas argumentacións están ben estruturadas e usan conceptos aprendidos na unidade. Aínda así teño dificultades para realizar argumentacións con exemplos e	As miñas argumentacións están ben estruturadas, usan conceptos aprendidos na unidade e ofrecen exemplos persoais e reflexións propias.

				reflexións persoais.	
Lecturas	Non realicei as lecturas.	As lecturas non me interesaron nin me levaron a ningunha reflexión sobre o modelo de sexualidade dominante no patriarcado e a súa problemática.	Realicei as lecturas, mais foime difícil entendelas e establecer a súa relación coa problemática do modelo de sexualidade dominante no patriarcado.	Comprendín as lecturas en todos os seus detalles, mais non me dotaron de novos argumentos sobre a problemática do modelo de sexualidade dominante no patriarcado.	Comprendín as lecturas en todos os seus detalles. Servíronme para adquirir novos argumentos sobre a problemática do modelo de sexualidade dominante no patriarcado.
Proxecto: produto final	Non chegamos a realizar ningunha acción.	As accións que realizamos tiveron nulo seguimento e repercusión na comunidade educativa. Non conseguimos que se visibilizase o noso compromiso coa diversidade sexual. A nosa descrición da loita LGTBI+ foi simplista e as nosas comunicacións careceron de atractivo.	As accións que realizamos tiveron un seguimento e unha repercusión moderadas na comunidade educativa. Apenas se visibilizou o noso compromiso coa diversidade sexual. A nosa descrición da loita LGTBI+ foi simplista ou as nosas comunicacións careceron de atractivo.	As accións que realizamos alcanzaron a case toda a comunidade educativa. Visibilizouse o noso compromiso coa diversidade sexual. A nosa descrición da loita LGTBI+ foi detallada e as nosas comunicacións atractivas, se ben algúns aspectos da nosa exposición non se detallaron suficientemente.	As accións que realizamos alcanzaron a toda a comunidade educativa e conseguiron mudanzas significativas das actitudes a respecto da diversidade sexual. Evidenciouse o noso compromiso coa diversidade sexual. A nosa descrición da loita LGTBI+ foi detallada e as nosas comunicacións de enorme atractivo.
Proxecto: traballo de equipo	Nin sequera chegamos a acordar unha repartición de tarefas.	Non tivemos acordo na división das tarefas. Cada un realizou a súa parte, sen coordinación.	Tivemos conflitos e/ou disparidades na distribución das tarefas. Os conflitos repercutiron no produto final.	Tivemos pequenos conflitos na distribución e/ou non todos os membros foron igual de eficientes. Con todo, apenas conseguimos un resultado final atractivo.	Distribuímos as tarefas sen conflitos e en partes da mesma dificultade. Todos os membros foron eficientes.
Proxecto: traballo individual	Non colaborei cos/coas compañeiros/as.	Non acheguei ideas ao traballo. Non me coordinei coas/cos compañeiras/os e realicei outras tarefas distintas das que me encargaron.	Non acheguei ideas ao traballo. Asumín de mal grado as tarefas que me encargaron as/os compañeiras/os e executeinas sen entusiasmo.	Non acheguei ideas ao traballo, mais asumín de grado as tarefas que me encargaron as/os compañeiras/os e executeinas con éxito.	Acheguei numerosas ideas ao traballo, mais non tiven reparo en aceptar as ideas doutras/os participantes. Ademais realicei con éxito as tarefas que me corresponderon.

RÚBRICA DE AVALIACIÓN PARA O PROFESORADO

	0	2	5	8	10
Manexo dos conceptos da unidade	Non manexa concepto algún.	Non é capaz de distinguir anticonceptivos e explicar as súas funcións. Non comprende o modelo de sexualidade dominante no patriarcado. Trabúcase en conceptos como <i>identidade de xénero</i> , <i>identidade sexual</i> , <i>orientación sexual</i> e as súas diversas manifestacións. Non sabería definilos, aplicalos a exemplos reais ou relacionalos coas condutas que producen.	Adquire os conceptos básicos, pero non é capaz de integralos nun discurso coherente, en especial cando pretende retratar o modelo de sexualidade dominante no patriarcado. Ten dificultades para distinguir anticonceptivos e explicar as súas funcións.	Adquire os conceptos básicos e intégraos nun discurso coherente. Porén, non é capaz de relacionalos con exemplos reais. A veces ten dificultades en explicar o modelo de sexualidade dominante no patriarcado. Distingue anticonceptivos e explica as súas funcións con escasos erros.	Adquire os conceptos, intégraos no seu discurso e ofrece exemplos reais e propios. Explica o modelo de sexualidade dominante no patriarcado. Distingue anticonceptivos e explica as súas funcións sen erros.
Interiorización dos conceptos	Actitudes abertamente contrarias á diversidade sexual. Non asume que o respecto, a tolerancia e o consentimento explícito son o presuposto básico das relacións humanas.	Escaso traballo sobre a unidade, polo que sobreviven actitudes contrarias á diversidade sexual. Ten dificultades para asumir o respecto, a tolerancia e o consentimento explícito como presuposto básico das relacións humanas.	Esfórzase, aínda que con escaso éxito, en entender a diversidade sexual e asumir o respecto, a tolerancia e o consentimento explícito como presuposto básico das relacións humanas.	Adquiriu actitudes propicias á diversidade sexual. Asume o respecto, a tolerancia e o consentimento explícito como presuposto básico das relacións humanas, aínda que sobreviven algunhas incoherencias.	Asentou actitudes propicias á diversidade sexual. Resúltalle evidente que o respecto, a tolerancia e o consentimento explícito son o presuposto básico das relacións humanas. É mesmo capaz de indicar ás/aos compañeiras/os cando están a infrinxir estes valores.
Participación na aula	Irrelevante.	Apenas intervéñ no debate. As súas argumentacións son inconsecuentes ou meras repeticións do que escoitou.	Intervén no debate, ben que as súas argumentacións son reiterativas ou empregan escaso vocabulario técnico.	As súas argumentacións están ben estruturadas e usan conceptos aprendidos na unidade.	As súas argumentacións están ben estruturadas e usan conceptos aprendidos na unidade. Ofrece exemplos persoais e reflexións persoais.
Lecturas	Non realizou as lecturas.	Realizou as lecturas con desgana, foi incapaz de	As súas reflexións sobre as lecturas revelan dificultades no	Identifica o tema das lecturas en base aos conceptos	Identifica o tema das lecturas en base aos conceptos

		identificar o seu tema. Non achegou reflexión algunha sobre o modelo de sexualidade dominante no patriarcado e a súa problemática.	manexo dos conceptos e na construción de argumentos sobre o modelo de sexualidade dominante no patriarcado e a súa problemática.	traballados na unidade. Ten dificultade en construír a partir delas argumentos persoais sobre o modelo de sexualidade dominante no patriarcado e a súa problemática	traballados na unidade. Constrúe a partir delas argumentos persoais sobre o modelo de sexualidade dominante no patriarcado e a súa problemática.
Proxecto: produto final	Irrelevante.	As accións que realizaron tiveron nulo seguimento e repercusión na comunidade educativa. Non conseguiron que se visibilizase o seu compromiso coa diversidade sexual. A súa descrición da loita LGTBI+ foi simplista e as súas comunicación careceron de atractivo.	As accións que realizaron tiveron un seguimento e unha repercusión moderadas na comunidade educativa. Apenas se visibilizou o seu compromiso coa diversidade sexual. A súa descrición da loita LGTBI+ foi simplista ou as súas comunicacións careceron de atractivo.	As accións que realizaron alcanzaron a case toda a comunidade educativa. Visibilizouse o seu compromiso coa diversidade sexual. A súa descrición da loita LGTBI+ foi detallada e as súas comunicación atractivas, se ben algúns aspectos da exposición non se detallaron suficientemente.	As accións que realizaron alcanzaron a toda a comunidade educativa e conseguiron mudanzas significativas das actitudes a respecto da diversidade sexual. Evidenciouse o seu compromiso coa diversidade sexual. A súa descrición da loita LGTBI+ foi detallada e as súas comunicación de enorme atractivo.
Proxecto: traballo de equipo	O produto é tan curto que delata a incuria do equipo.	Non houbo acordo na división das tarefas. Cada un realizou a súa parte, sen coordinación.	Houbo conflitos e/ou disparidades na distribución das tarefas. Os conflitos repercutiron no produto final.	Houbo pequenos conflitos na distribución e/ou non todos os membros foron igual de eficientes. Con todo, apenas se notou no resultado final.	A tarefa distribuíuse sen conflitos e en partes da mesma dificultade. Todos os membros foron eficientes.
Proxecto: traballo individual	Non colaborou cos/coas compañeiros/as.	Non propuxo liñas de traballo. Realizou outras tarefas das que lle corresponderon e entorpeceu o entendemento no grupo de traballo.	Non propuxo liñas de traballo. Foi reticente a asumir as tarefas que lle corresponderon e executounas sen entusiasmo.	Limitouse a aceptar ideas doutras/os participantes. Con todo, executounas con éxito.	Liderou o seu grupo de traballo, propoñendo liñas de traballo, aceptando ideas doutras/os participantes e executou con éxito as tarefas que lle corresponderon.